

Bosques de ribeira

Bosques de ribera

SOCIEDADE MICOLÓXICA
Tucus



Galicia é o país dos mil ríos, un territorio no que chove abondo e, en consecuencia, abundan os ríos, lagoas e regatos, polo que os bosques de ribeira forman parte esencial da paisaxe.

Galicia es el país de los mil ríos, un territorio en el que llueve abundantemente y, en consecuencia, abundan los ríos, lagunas y riachuelos, por lo que los bosques de ribera forman parte esencial del paisaje.

A importancia ecolóxica destas formacións arboradas é moi notable xa que regulan a temperatura das augas, estabilizan as ribeiras, proporcionan alimento e refuxio para a fauna acuática e anfibia, actúan como filtros verdes e albergan unha importante biodiversidade, tamén fúnxica, favorecida esta última pola humidade constante que presentan todo o ano, incluso nos meses de verán.

La importancia ecológica de estas formaciones arboladas es muy notable ya que regulan la temperatura de las aguas, estabilizan las riberas, proporcionan alimento y refugio para la fauna acuática y anfibia, actúan como filtros verdes y albergan una importante biodiversidad, también fúngica, favorecida esta última por la humedad constante que presentan todo el año, incluso en los meses de

As árbores que adoitan formar estes bosques de ribeira son principalmente os ameiros ou amieiros (*Alnus glutinosa* Gaertn.), os salgueiros (*Salix atrocinerea* Brot. e *S. alba* L.), os freixos (*Fraxinus excelsior* L. e *F. angustifolia* Vahl.) e, en menor medida, tamén os bidueiros (*Betula pubescens* Ehrh.) e as abeleiras (*Coryllus avellana* L.).

Los árboles que suelen formar estos bosques son principalmente los alisos (Alnus glutinosa Gaertn.), los sauces (Salix atrocinerea Brot. e S. alba L.), los fresnos (Fraxinus excelsior L. y F. angustifolia Vahl.) y, en menor medida, también los abedules (Betula pubescens Ehrh.) y los avellanos (Coryllus avellana L.).

Crucibulum laeve (Huds) Kambly

Paxillus involutus (Batsch) Fr.

Sarcoscypha austriaca (O. Beck ex Sacc.) Boud.

Os bosques de ribeira constitúen o hábitat preferido de especies fúnxicas como *Lactarius controversus*, *Tricholoma fulvum*, *Paxillus involutus* e *P. rubicundulus*, *Phellinus igniarius* e *P. robustus*, *Sarcoscypha coccinea* e *S. austriaca*, etc.

Los bosques de ribera constituyen el hábitat preferido de las especies fúngicas como: Lactarius controversus, Tricholoma fulvum, Paxillus involutus y P. rubicundulus, Phellinus igniarius y P. robustus, Sarcoscypha coccinea y S. austriaca, etc.

A madeira morta e outros restos vexetais que adoitan acumularse nas beiras dos ríos, supón un substrato idóneo para especies de fungos saprófitos como *Trametes versicolor*, *Stereum hirsutum*, *Crepidotus variabilis*, *Exidia truncata*, *Tremella mesenterica*...

La madera muerta y otros restos vegetales que suelen acumularse en las orillas de los ríos, suponen un substrato idóneo para especies de hongos saprófitos como: Trametes versicolor, Stereum hirsutum, Crepidotus variabilis, Exidia truncata, Tremella mesenterica...